Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 16 de outubro de 2024

[RRC/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,** o día **16 de outubro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Julio García Comesaña
(Presidente)
Rubén Lorenzo Gómez
(en substitución de Roberto Rodríguez Martínez)
(Vicepresidente en funcións)
Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Argimiro Marnotes Fernández
Paula Mouzo Mas
José Alberto Pazos Couñago
Paula Prado del Río
Pablo Javier Prieto Perille
Cristina Sanz Arias
(en substitución de María Felisa Rodríguez Carrera)
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
María Cristina Fernández Davila
Óscar Insua Lema
Iago Suárez Fernández
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Taibo Corsanego
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Propoñente:
José Daniel Pérez López (BNG)

Comparecentes:
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

O presidente abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes. Logo da súa constatación, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto 1. Comparecencia

1.1 12229 (12/CPC-000010)
Do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, por petición propia, para dar conta do proxecto da Estratexia galega de acción exterior 2024-2028
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97f1, do 09.10.2024

O presidente informa que, como xa lle foi comunicado aos voceiros dos grupos parlamentarios, esta vai ser unha comparecencia explicativa, anticipativa dun procedemento regrado que desenvolveran nas vindeiras semanas, unha vez pasado o debate dos orzamentos.

Deseguido, e logo de darlle a benvida ao director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, informa que o debate se desenvolverá do seguinte xeito: exposición oral por parte do comparecente por un tempo de entre 20 e 30 minutos, rolda dos grupos parlamentarios por un tempo flexible de 10 minutos, e pecha o debate o comparecente.

Xa que logo concédelle a palabra ao **director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús María Gamallo Aller**, quen pasa a dar conta do proxecto da Estratexia galega de acción exterior 2024-2028.

A continuación, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, para que as súas/os voceiras/os formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que fan uso da palabra: o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** e as **señoras Castro Rey, Paloma (S), Taibo Corsanego, Iria (BNG) e Varela Fernández, Katherinie (P).**

Ao remate das anteriores intervencións, intervén de novo o **director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús María Gamallo Aller**, para a dar resposta ás consideracións formuladas polo/as anteriores intervenientes e con cuxa intervención se pecha o debate desta comparecencia.

A Presidencia reitéralle o agradecemento ao señor Gamallo Aller pola súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e despídeo ata unha vindeira ocasión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 4725 (12/PNC-000572)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en 2024 para axustarse ás recomendacións do Consello de Contas relativas á mellora da transparencia e eficiencia das entidades instrumentais do sector público autonómico e, en concreto, á xestión do Igape e de Sodiga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, que procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento que anteriormente se cita.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** -*o Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- quen, tras amosar o apoio do seu grupo a esta proposta, critica que se tramite nesta Comisión, cando debería tramitarse na Comisión 3ª., Economía, Facenda e Orzamentos ou mesmo na Comisión do Consello de Contas.

Nesta mesma rolda intervén polo **G.P. Popular de Galicia a señora Sanz Arias,** quen, comeza a súa intervención sinalando que este parécelle o foro mais acaído para debater esta proposta, aínda que tamén podería ser debatida noutras Comisións, como a 3ª., Economía, Facenda e Orzamentos, a 6ª. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, ou Consello de Contas, pasando a continuación a expoñer a postura do seu grupo parlamentario a respecto da mesma, logo de rebater moitas das argumentacións expostas pola/o voceira/o que a precederon no uso da palabra.

Na rolda de puntualizacións a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** incide na importancia da iniciativa que tamén considera debería ser tramitada noutra Comisión, como a 3ª Economía, Facenda e Orzamentos ou a 6ª. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e, lamenta a intervención da voceira do grupo maioritario sobre a que expón diversas consideracións discrepantes.

2.2 11789 (12/PNC-001122)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a ampliación da planta xudicial de Carballo e o incremento do cadro de persoal dos seus xulgados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 13453), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Pérez López, José Daniel (BNG)**, que pasa a expoñer os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante intervén o **señor Lorenzo Gómez, Rubén (P),** -*logo de abandonar o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento*- que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda de substitución, ao seu xuízo mais ambiciosa que a propia iniciativa, polo que, de aceptarse, o seu grupo apoiaría a devandita proposta, cousa que non farían de non aceptarse a emenda.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, intervén a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** -*o Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- para anunciar o voto positivo do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Pérez López, José Daniel (BNG**), logo de rebater moitas das argumentacións expostas polo voceiro do G.P. Popular de Galicia, anuncia que acepta a emenda como engádega pero non como substitución da iniciativa. Proposta que non acepta o señor Lorenzo Gómez (P).

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 4725 (12/PNC-000572), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

2.2 11789 (12/PNC-001122), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

Remata a sesión ás 12:40 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto primeiro.)

Julio García Comesaña

Firmado digitalmente por Julio García Comesaña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Julio García Comesaña, email=julio.garcia.comesana@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.06 10:58:41 +01'00'

V. º B. º
Julio García Comesaña
Presidente da Comisión

Paloma Castro Rey

Firmado digitalmente por Paloma Castro Rey
Fecha: 2024.11.06 10:27:21 +01'00'

Paloma Castro Rey
Secretaria da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª., INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR, DO DÍA 16 DE OUTURBO DE 2024

(Comparecencia do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea)

PARLAMENTO DE GALICIA

(Ábrese a sesión ás 10.30 horas).

O presidente da Comisión (señor García Comesaña): Moi bos días a todos.

Imos comezar esta Comisión Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Comezamos neste caso coa axuda da secretaria pasando a lista e comprobando que hai quórum.

A **secretaria da Comisión (señora Castro Rey)**: Grazas, presidente.

(A señora secretaria dá lectura á lista de asistentes.)

Existe quórum.

O presidente da Comisión (señor García Comesaña): Moitas grazas, secretaria.

Imos co primeiro punto da orde do día que neste caso é a comparecencia da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, neste caso agradecer a presencia aquí do señor Gamallo para facer esta comparecencia.

Como xa falamos cos portavoces é unha comparecencia explicativa, anticipaba dun procedemento que está regrado, que imos a desenvolver nas vindeiras semanas. Falabamos o outro día de pasar o debate de presupostos e a continuación facer ese debate regrado, pero hoxe facemos esta presentación, entre comillas, das liñas xerais da estratexia cunha comparecencia do señor Gamallo e logo haberá unha rolda de intervencións dos portavoces 10 minutos cada un sen que haxa despois réplica, porque, como digo, aprazamos ese debate para o momento que correspondente.

Polo tanto, ten a palabra o señor Jesús Gamallo.

Moitas grazas.

O director xeral de Relacions Exteriores e coa Unión Europea (Jesús María Gamallo Aller): Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Como di o señor presidente, o motivo da miña comparecencia é informalos do procedemento seguido para elaborar o Proxecto da estratexia galega de acción exterior que abrangue o vindeiro lustro previsto pola Lei 10/21. E avanzarlles tamén as liñas mestras do seu contido ficando deste xeito a expensas do que nos queiran transmitir sobre a devandita estratexia. O máis axiña posible estudaremos as súas achegas e voltarei comparecer daquela para tratalas e debatelas con todos vostedes.

Para chegar a este punto tivemos que superar diversos feitos e circunstancias. Tivemos tres xuntanzas do Consello Galego de Acción Exterior, unha delas explicámoslles a estratexia e tivemos o seu apoio unánime. Pasou polo Consello da Xunta dúas veces, unha antes e outra despois de non ter resposta do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, como marca a lei.

Entrou neste Parlamento, como vostedes lembran, pero caeu por causa do debate orzamentario, primeiro, e despois pola convocatoria electoral. O Goberno volveu a analizala coas adaptacións necesarias, polo paso do tempo, e agora volve a entrar neste Parlamento, esperamos que cun fin que logre realmente ser aprobada.

De todo este vieiro, o máis desconcertante para nós sen dúbida foi o silencio do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea de Cooperación, respecto do anteproxecto que se lle remitiu. Fixémolo por obriga legal, segundo consta no artigo 11.4 da nosa propia Lei de Acción Exterior. Pero, ademais do mandato xurídico, fixémolo tamén por lealdade institucional, é por convencemento.

A acción exterior é unha materia moi delicada para xestionar por unha comunidade autónoma illadamente diante dos riscos de inconstitucionalidade ou nulidade ordinaria que podería aducir a Administración xeral do Estado. Mais tamén pola necesidade de valerse das ferramentas internacionais do Estado: embaixadas, representacións diplomáticas en organizacións internacionais, consulados, misións negociadoras de tratados e acordos internacionais administrativos, para levar a bo fin ás iniciativas do Goberno galego neste eido. Nese proceso quero salientar a cooperación do Consello de Acción Exterior de Galicia, e singularmente da súa representación sindical, que pediu a maiores mellorar certos aspectos da parte socioeconómica. A unanimidade do órgano sobre o borrador animounos a perseverar.

Estudamos a Estratexia española da acción exterior para confeccionar a nosa propia estratexia, de xeito que puidésemos completar ou mesmo mellorar as iniciativas estatais, boa proba desta cooperación construtiva que nos postulados é canto acontece no ámbito da lusofonía e, concretamente, na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa, na CPLP. Na CPLP Galicia, turrou da Administración Xeral do Estado, e fixo o traballo de sherpa —tal como se di no argot internacional— porque, sendo bo para Galicia, tamén ía ser bo para o conxunto de España.

Hoxe España forma parte da CPLP como estado observador asociado, e permítanme neste punto, ler a información difundida o respecto polo propio Goberno español: «La candidatura de España fue presentada en 2020 mediante la remisión de los correspondientes planes de acción y de promoción de la lengua portuguesa. Cabe reseñar el notable impulso que la Comunidad Autónoma de Galicia ha dado a la candidatura de España, y, de hecho, tanto la Academia Galega de Lingua Portuguesa y el Consello da Cultura Galega ya son observadores consultivos deste organismo.».

Nunha primeira aproximación substantiva ao texto, esta nova estratexia galega da acción exterior caracterízase, ao noso entender, por unha maior incidencia económica, prevemos a creación dun estatuto do investidor da diáspora para facilitar investimentos de galegos retornados, especialmente en bisbarras senescentes ou despoboadas. Proposta de reforma do imposto de sociedades polo Estado para priorizar a captación de investimentos produtivos foráneos en territorios con menor investimento industrial estranxeiro.

Trátase dunha opción complementaria á posterior aprobación do fondo de que o investimento ou foco dotado con 2.000 millóns de euros presentado polo Ministerio de Economía en 2024, cambio da contorna e do contexto a raíz da covid-19, maiores esforzos en investimentos en mercados exteriores, cambio da contorna e do contexto a raíz da invasión de Ucraína, maior integración europea e control da infracción e lusofonía, intentar que España mire tanto cara ao Atlántico como está a facer cara ao Mediterráneo.

Xa polo miúdo, esta estratexia 2024-2028 pretende afianzar o camiño iniciado en 2018. Hoxe, por fortuna, contamos con sólidos alicerces legais chantado sobre a Lei 10/21 de acción exterior galega, unha lei que posúe un amplo eido da aplicación, que nos habilita mesmo para participar en negociacións internacionais tendentes a asignatura de tratados.

A primeira estratexia bateu co covid-19 e coas súas réplicas, trastocando por completo os escenarios previstos, tanto para nós como para os actores foráneos cos que pensabamos concertar máis intensas canles de cooperación.

Despois da invasión de Ucraína, O 24 de febreiro de 2022, por orde do presidente ruso veu xerar toda unha sucesión de fenómenos que impactaron na nosa realidade, mutando os plans e programas previos e obrigándonos a improvisar outros para minorar os perniciosos efectos da guerra, como así se fixo coas novas normas de axudas públicas impulsadas por Bruxelas.

Porén, a estratexia 24-28 ten que adaptase a este novo entorno mundial europeo. Trátase dunha estratexia de país, non só da administración autonómica e nin sequera do conxunto das administracións públicas galegas.

Por mandato legal, esta programación ten logo un horizonte temporal superior ao dunha lexislatura ordinaria, maior co previsto na lei de acción exterior española. Precisamente porque esta política pública debe estar por riba dos naturais vaivéns electorais e concitar o maior respaldo social posible. Pero, sobre todo, porque a imaxe e valoración dun país no exterior sempre transcende as cotiás diverxencias domésticas.

De xeito preliminar, como balance da precedente estratexia, cómpre salientar que dende o arranque deste século y acelerándose dun xeito importante os últimos anos, Galicia triplicou as súas exportacións anuais, en pouco máis de 15 anos, duplicamos as nosas vendas fóra de España, principalmente de produtos industriais, plans de longo percorrido como Foesga, Fomento da exportación galega, e ferramentas como Estratexia 21-25 de internacionalización empresarial de Galicia perseveran neste vieiro.

Asemade, no sector turístico, posuímos un modelo de atracción de viaxeiros radicalmente diferenciado do predominante no resto de España, con éxitos como a extensión a bianual do ano Santo Xacobeo 21-22.

Outro indicador a considerar para ponderar a acción exterior galega pode ser o relativo aos movementos migratorios aquí, contra o acontecido nos pasados séculos, agora experimentamos un saldo migratorio positivo a prol de Galicia.

Tanto na previa estratexia española da acción exterior como na vixente existen un núcleo fundamental de converxencia merecente de ser salientado. O devandito núcleo salienta aposta por ser membro activo do proceso de construción europea cun obxectivo estratéxico de país. Velaí como tamén a opción estratéxica por unha Europa plenamente integrada, resulta básica para nós.

Na súa acción exterior Galicia tamén ha de estar plenamente comprometida coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, os ODS. Por iso, os ODS deberán informar todas as iniciativas e actuacións da nosa acción exterior en todos os eidos e sectores. A estratexia asúmeos pois na súa integridade e alíñase con eles para contribuír a acadalos.

Apostamos por unha acción exterior reticular a prol da eficiencia, porque é capital para calquera país e non en exclusiva para o Goberno do país. Sen embargo, esta constatación bate coa realidade dun recursos limitados que tamén son indispensables para outras necesidades vitais e perentorias da cidadanía. De aí que cómpre estimular o traballo en rede entre todos os axentes públicos e os actores privados que converxan ou se complementen para acadar os mellores resultados colectivos.

Unha boa medida desta liña de traballo pode ser a mellora da cooperación co Instituto Cervantes e a promoción da cultura e das industrias culturais galegas nos países lusófonos. Do mesmo xeito, asumimos que existen outras redes que deberían terse en conta como axentes galegos de acción exterior, como é o caso da rede de cátedras e de centros galegos inxeridos en universidades de Europa e América. Entendemos que os axentes e actores galegos da acción exterior deben coordinarse, ten que cooperar e ten que colaborar dunha maneira perfeccionada. Por exemplo, hoxe Galicia conta cun grao universitario específico especializado para a formación de internacionalistas. Refírome ao grao bilingüe en relacións internacionais, instituído como titulación conxunta da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo, que gozou dun gran respaldo grazas ao apoio de máis de 30 empresas, organizacións internacionais e outras entidades públicas e privadas domésticas e de fóra.

A formación deste capital humano altamente cualificado contribuirá a que haxa cada vez máis internacionalistas capacitados en Galicia que desenvolveran logo a súa actividade profesional en sectores públicos e privados de todo o mundo. Con esta base, compre afianzar a rede de profesionais galegos en organismos internacionais. Nesta liña sería

determinante impulsar a creación dun trink tank galego de estudos internacionais, que podería vir da man dun centro interuniversitario para potenciar tamén dende aí a nosa relación con Portugal.

Pasando a expoñer xa os ámbitos xeográficos institucionais da nova estratexia aquí presentada, hai lembrar que, sendo limitados os recursos e a escala do país, a intensificación das iniciativas nun espazo e nun tempo determinados, sen dúbida xerará beneficios para todos os actores e axentes implicados gracias a converxencia de esforzos nun espazo e nun tempo. Por iso, a concreción de certos territorios dentro de diversas rexión xeográficas do mundo debe ser considerada como unha recomendación máis que como unha directriz.

Primeiro Portugal e os países do ámbito da lusofonía. Esta nova estratexia, cadra co período de programación dos fondos europeos, 201-27, consecuentemente a política da Euroc... ha de estar en consonancia coas prioridades que xeraran o marco financeiro plurianual.

A política euro rexional tamén a de ter presente a estratexia común e o desenvolvemento transfronteirizo, aprobada en 2020 polos gobernos da República portuguesa e de España. Os dous instrumentos de programación máis importantes que temos, o plan de investimentos conxuntos e a ... a estratexia de especialización intelixente transfronteiriza tamén ten que ser a guía que marque o camiño destas relacións.

Para o vixente período contamos co PIC, o Plan de investimentos conxuntos 21-27. Este plano establece, como saben, os principios que definirán, que están a definir a política de cooperación da Eurorrexión nos vindeiros anos. A cooperación institucional na Eurorrexión está fundamentalmente representada pola comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal, que onte mesmo celebrou un novo plenario, pasando a presidencia pro témpore do presidente da Comissão de Coordenação e de Desenvolvemento Rexional do Norte, profesor Antonio Cuña ao presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.

Arquitectura institucional Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, pivota tamén en torno ao Agrupamiento Europeo de cooperación Territorial, que ten a súa sede en Vigo e que é una especie de brazo executor das políticas que se definen na Comunidade de traballo.

Unión Europea. Estados da UE. A longo prazo Galicia debe ter tamén en conta as catro tendencias globais que á Comisión Europea vén de identificar no horizonte de 2050 e que afectan a capacidade e a liberdade da acción da Unión Europea, o cambio climático e outros desafíos ambientais, a hiperconectividade dixital e a transformación tecnolóxica; a presión sobre a democracia e os valores e os cambios na orde mundial e na demografía.

Respecto á programación dos novos fondos estruturais posteriores a 2027, Galicia participa nos debates previos á negociación do ulterior orzamento comunitario. O reparto entre as políticas tradicionais, como a PAC, ou a política de cohesión e outras políticas, como I+D+i, ou a seguridade e a defensa, que van ter, seguro, un amplo espazo no novo

marco financeiro, volverán ser sen dúbida os debates que acompañan a elaboración da proposta por parte da Comisión Europea.

Entre os principais desafíos para Galicia nos vindeiros anos, en relación coas políticas europeas, figuran sen dúbida o reto demográfico, unha Galicia máis verde e sostible; o incremento da competitividade, sobre todo despois dos consellos que nos dá o informe Draghi sobre ao incremento da competitividade en Europa, e o crecemento, o fomento da cohesión social e territorial.

Verbo do posible establecemento dunha macro rexión atlántica, tras anos de debate España e Portugal apoian a creación desta macro rexión que permita reforzar a cooperación política e económica das rexións atlánticas, alén da actual estratexia marítima. A participación no proceso colectivo europeo de toma de decisións debe avanzar no recoñecemento dunha verdadeira Europa do rexións. O Comité das Rexións Europeo non debe ser máis unha cámara de consulta non vinculante, senón un organismo que poida, que debe emitir ditames naquelas áreas máis implicadas coa política rexional europea.

Europa extra UE e restantes estados europeos fóra da UE. A estratexia tamén mantén a vixilancia sobre as políticas británicas que nos atinxen, por mor do nexo en galego con elas. Os casos de Suíza e Noruega, a estratexia subliña un especial tratamento pola súa relevancia para os nosos cidadáns neses países asentados e pola reivindicación de dereitos pasivos dos que serían acredores ou merecedores.

Iberoamérica, Brasil e Hispanoamérica, dadas as enormes diferenzas de escala socioeconómica e de recursos susceptibles de dedicar a acción exterior, non cabe dúbida que Brasil debe ser a primeira opción estratéxica de Galicia fóra do marco da Unión Europea.

Nos últimos anos Hispanoamérica vén atravesando una convulsa situación socioeconómica e política que dificulta severamente os fluxos comerciais e de investimento entre ela e a propia Unión Europea. O noso comercio con Hispanoamérica representa una cativa porción do que mantemos ano tras ano só con Portugal, a pesares de roldar a poboación lusa os 10 millóns de persoas, mentres que a poboación latinoamericana supera os 400 millóns.

Os nosos afectivos, históricos e culturais lazos que temos con esta área de o mundo suplen, sen embargo, os atrancos económicos de todo tipo. Por iso, sendo realistas, a un lustro por diante a nosa relación coa Hispanoamérica será máis humana e educativa que comercial. Tal como se indica na planificación de financiamento universitaria galega, Iberoamérica, e dentro dela Hispanoamérica, debe ser un dos destinos de referencia para a cooperación interuniversitaria.

Norteamérica. Considerando a dimensión dos Estados Unidos e de Canadá, cómpre realizar unha axeitada selección de áreas xeográficas nas que se aconsella perseverar nos

esforzos de proxección exterior. Dende unha perspectiva de eficiencia e optimización a aposta por Florida e Nova York segue sendo a principal, sen desbotar a complementariedade de Texas, vista desde a fronteira mexicana, e a acción selectivas en California, o Massachusetts, inicialmente ligadas ao fenómeno xacobeo, do mesmo xeito que en Ontario.

Norte de África e Vacía Sur do Mediterráneo. Acción exterior galega nesta zona debe estar perfectamente coordinado e de antemán co Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, tendo como obxectivo capital erradicar calquera iniciativa que poida xerar fricciónes ou mesmo malentendidos. África Subsahariana, África Lusófono e Guinea Ecuatorial.

Dentro da acción estratéxica pola lusofonía que consta na estratexia, ao tempo pódese propor unha preferencia singular por Angola, en termos económicos e de recursos naturais. Angola aínda fica por baixo do seu enorme potencial e desenvolvemento e é aí onde Galicia pode aportar moito en desenvolvemento e obter novas oportunidades de comercio e investimentos exteriores.

Oriente Medio, Asia, Pacífico e outras áreas xeográficas. Entre todas as opcións prioritarias baralladas nesta rexión. A máis interesante resulta Corea do Sur, China, sen desbotar Xapón, con Australia e Nova Zelandia, poden comezar a facerse tanteos colaborativo, sobre todo en relación co sector primario e a súa I+D asociada. Ao cabo coa información recompilada e atendendo ás prioridades sectoriais e xeográficas apuntadas por todos os provedores de propostas a esta estratexia ... resume cun cadro final de dobre entrada ás devanditas prioridades, o que ser de utilidade para os restantes actores e axentes de acción exterior galega, cadro que lles convido examinar antes de realizar as súas achegas se así o considera axeitado.

En suma, esta é a miña proposta de presentación da nova estratexia galega da acción exterior. E, como dicía ao principio o presidente e tamén recordaba eu agora fico á súa disposición para a primeira reacción, sen prexuízo de que teñamos tempo para facer polo miúdo unha análise máis detallada da estratexia e poder debatela aquí nunha vindeira ocasión.

Moitas grazas.

O presidente da Comisión (señor García Comesaña): Moitas grazas, señor Gamallo.

Pasamos ahora entón ao turno de palabra aos distintos grupos para facer ese posicionamento xeral, máis que opinar sobre esa tese que tamén, por suposto, entón a toma de posicionamiento xeral. Agradecer novamente as explicacións que deu o director xeral.

Señor Armando Ojea Bouzo, ten tempo de 10 minutos para usala.

Grazas.

O señor Ojea Bouzo (M): Gracias, presidente.

Moi breve. Sinxelamente agradecer a presenza do director xeral. Agardaremos a súa intervención e de momento non imos facer ningunha valoración ao respecto.

Grazas.

O presidente da Comisión (señor García Comesaña): Moitas grazas, señor Ojea.

Pasamos a palabra a continuación ao Grupo Socialista, neste caso a dona Paloma Castro Rey por un tempo de 10 minutos tamén.

A señora Castro Rey (S): Grazas, presidente.

Bo día de novo director xeral.

Collo eu o testigo de como finalizou vostede esta intervención, e dicir que temos por diante e ante esta proposta pois un punto de partida, un punto de partida onde podemos conseguir entre todos que a política exterior sexa unha política pública de toda Galicia, e a través desta estratexia, da mesma, podemos acadar un maior desenvolvemento e benestar. E para iso o que temos que conseguir é intentar acadar un amplo consenso que nos permita ampliar o contido deste documento, enriquecelo coas nosas aportacións ou cos nosos diferentes puntos de vista e tamén con compromisos concretos.

Galicia ten moito potencial, todo creo que esta manifestación é unánime, ten moito potencial para a súa internacionalización, pois pola súa natureza, dende a diáspora, os camiños de Santiago, o papel do Atlántico ou a lusofonía, como falaba vostede. Por iso creo que dende o público, temos que intentar coordinar, dar coherencia e procurar sinerxias para así acadar ese horizonte descrito na lei e no documento que vostede acaba de presentar.

E no contexto actual, pois, non podemos obviar que tanto a Xunta como os concellos e empresas galegas, universidades, a industria tamén deste territorio, algúns, incluso, axentes socioculturais do noso territorio, teñen moita presenza internacional con diferentes graos, claro, de amplitude e da súa actuación. E este instrumento que vostede hoxe nos presenta aquí ten que servir tamén para eles, ten que servir tamén como instrumento para coordinar toda esa actividade e que a mesma persiga un obxectivo común, porque así melloraremos a eficiencia e non se desperdiciarán todos estes esforzos.

Nós somos conscientes da escasa coordinación e coherencia que existen moitas das accións que se desenvolven ata o de agora, por exemplo, nas convocatorias de subvencións variadas para a internacionalización das viaxes ao exterior, das visitas de embaixadores, de delegacións empresariais en Galicia ou a captación de eventos

internacionais, os irmanamentos, as redes territoriais. E por iso cremos que é necesario ter eses indicadores que van servir de guía, facer balances previo á finalización do período, e ver que se está traballando no camiño correcto, é refírome con isto non ao balance final una vez termine o período da estratexia, senón que ir anualmente controlando que se estean a cumprir eses indicadores para que se poida traballar no camiño correcto.

Esta estratexia galega de acción exterior 23-27 para o desenvolvemento da recente aprobada Lei do ano 2021, ten que ter uns obxectivos realistas e ademais para iso debe acompañarse do investimento necesario. Xa sabemos que durante todo este tempo o orzamento da Xunta de Galicia na última década, en relación a acción exterior e a cooperación internacional, demostran que non son políticas prioritarias, e iso vese claramente no peso que o orzamento dedicado a isto ten no montante do orzamento total.

Por outra banda, como dicía antes, cremos tamén que o éxito desa estratexia require unha boa coordinación, pero non só me refería a una coordinación con outras administracións ou outros axentes sociais, como sinalaba antes, senón tamén unha coordinación con outras consellerías ou organismos dependentes do goberno: Igape, Emigración, Cultura, Turismo de Galicia, Mar; xa que actualmente en ningunha destas estratexias sectoriais dos departamentos que nomeei e doutros teñen en conta esta estratexia galega de acción exterior, que xa anterior que estaba vixente dende o ano 2018, nin a Lei de acción exterior que xa temos aprobada dende o ano 2021, nin nas súas convocatorias de internacionalización e na súa comunicación pública, sen que se incorpore ningún tipo de referencia a este marco xurídico da acción galega exterior.

Falaba vostede tamén do documento da internacionalización da Universidade galega, e nós limos o exposto neste texto é ao final o que se contén, pois é algo meramente descritivo da situación do sistema universitario galego, pero nada máis, porque non cremos que haxa ningunha acción concreta para fomentalo. Por exemplo, falaba vostede do grao interuniversitario de relacións internacionais e na actualidade non conta con ningún tipo de apoio específico para levalo a cabo, cando é un grao ademais que ten que ter a participación de numerosos poñentes externos para os que sería axeitado traer ao noso territorio. Tampouco ten acción exterior ningún programa que axuda ás universidades a difundir as súas ofertas académicas para captar o alumnado no exterior. Falaba o documento da necesidade de captar alumnado exterior polo índice demográfico negativo que temos en Galicia. E na páxina da 38, por exemplo, indica como acción a captación de alumnos en Latinoamérica, pero realmente non axudan cunha rede exterior ás universidades a facelo, unicamente hai un programa, o programa retorna para fillos e fillas ou netos de emigrantes galegos.

No apartado da Universidade Europea, tanto USC como a UDC xa pertencen a unha Unión Europea pero a Xunta non colaborou nese momento cando foi ese momento de intentar acceder a iso, non axudou en nada. En fin, ademais no Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, no do ano 2022 non se axudou tampouco internacionalización das universidades, e que teñen ademais unha dificultade grande para

captar alumnos estranxeiros en determinadas titulacións, para completar as prazas que se cobren despois en Galicia coa selectividade. E despois vemos outras comunidades autónomas, e lle poño, por exemplo, o exemplo de Andalucía, que si que están a facer un esforzo especial para captar eses universitarios exteriores e incorporalos ao seu sistema.

No eido da cooperación exterior. No eido da cooperación exterior xa falamos durante a pasada lexislatura moito dese tema, non vou volver a incidir no mesmo, pero si quero volver a sinalarlle a decepción que tivemos dende o Grupo Socialista por ese voto de confianza que vimos no Plan de Cooperación Internacional, cando vimos que despois non se cumprían os compromisos que se acadaran, non, e cando se reduciu o orzamento que se comprometera destinar á ONG, e ao final cando non só non se reduciu o orzamento no 2024, senón que tampouco se cumpriu a previsión de aumento progresivo e de forma proporcional o orzamento xeral que se comprometera vostede nese plan.

Polo tanto, esperemos que agora iso sexa subsanado no orzamento do ano 2025, que o Goberno da Xunta vai presentar a finais desta semana e que por fin poidan cumprir eses compromisos acadados, porque só desa forma pois se van poder cumprir tamén todos os eses obxectivos que marca a estratexia que marca este documento que vostede nos acaba de presentar, sen orzamento vai ser moi complicado facelo.

En relación coa contorna europea, hai algúns aspectos que manifestou o texto e que vostede tamén sinalou agora mesmo e nós quedámonos co exemplo no eido medioambiental, e fainos moita graza ler eses obxectivos medioambientais no texto e logo que a señora conselleira de Medio Ambiente, a señora Vázquez, diga cousas como o outro día no pleno que Pedro Sánchez quere ser o máis verde e cumprir o Pacto verde europeo. Creo que o cumprimento do Pacto verde europeo non só ten que estar no papel, porque tamén aparecen nesta estratexia, senón que tamén ten que ir acompañado de medidas, falábase antes de que a estratexia ten que ir acompañado de accións doutras consellerías e, polo tanto, a Consellería de Medio Ambiente neste aspecto ten que poñerse moito as pilas para comezar a poñernos á altura da Unión Europea no eido medioambiental e saír deses ránkings medioambientais que estamos sempre Galicia está á cola.

E por último, xa conclúo tamén en relación a estratexia que se ten que ter co noso país, veciño, con Portugal, temos moito que avanzar e temos que incrementar as sinerxías co noso país, pais irmán, en relación a moitos aspectos, e podemos destacar o aspecto de investimento en I+D, que xera por exemplo que no norte de Portugal se estean a desenvolver centros de investigación de referencia internacionais, se estea a dar moito traballo cualificado ás persoas, a moitos galegos e galegas e investigadores no norte de Portugal, por exemplo, isto sería un dos aspectos, e outro, pois, esa conexión Vigo-Porto, que se está a traballar dende o goberno de España, e despois do Porto-Vigo ou Porto-Lisboa, que cremos que é unha aposta do goberno de Pedro Sánchez e que vai traer ademais un efecto moi positivo para o noso territorio.

E, por último, —e xa non me alongo máis— conclúo dicíndolle, señor Gamallo, que ten vostede a man tendida do Partido Socialista para colaborar de forma construtiva nunha

estratexia que consiga mellorar de forma efectiva con propostas concretas e obxectivos factibles a acción exterior galega.

Nada máis e moitas grazas.

O presidente da Comisión (señor García Comesaña): Moitas grazas, señora Castro.

Ten a continuación a palabra por un tempo tamén de 10 minutos a señora Iria Taibo Corsanegro.

A señora Taibo Corsanegro (BNG): Moitas grazas, presidente.

Grazas, señor Gamallo, polas súas explicacións e sobre todo sobre o proceso de elaboración do documento.

Nós a pesar de que concordamos loxicamente, como non pode ser doutro xeito, con grande parte dos obxectivos xerais, si que queremos facer unha reflexión sobre a propia estrutura e sobre a propia dirección que toma este documento, porque concordamos, como lle digo, co obxectivo xeral, mais consideramos que ao final, lendo con detemento o texto hai sobre todo una reflexión sobre a que debería ser a acción exterior de Galiza, máis para que poidamos levar isto a concreción é preciso, consideramos que sería preciso que a estrutura do plan contase tamén con algunhas medidas de avaliación e cuxos obxectivos máis específicos.

En moitas ocasións o que observamos é que iso, como lle digo, se trata de declaracións de intencións coas que podemos concordar en moitas ocasións, noutras no tanto, e entrarei agora a debullar un pouco máis polo miúdo, máis se non se establece ningún mecanismo de avaliación de seguimentos e non figuran prazos, senón figuran calendarios, vai ser moi difícil facer un seguimento de que estas accións se poidan levar a cabo.

En certas ocasións observamos tamén que do que se trata é dunha suma de propostas e de accións que xa se están a levar a cabo por diferentes departamentos, tanto das propia Xunta de Galiza como doutros axentes da acción exterior, máis que a propia dirección xeral, por desgraza non ten capacidade para exercer a coordinación que sería desexábel neste sentido.

Coñecen tamén as nosas discrepancias, a discrepancias do noso grupo coa Lei de acción exterior, porque nós consideramos que debería ser un proxecto máis de política exterior e non é exactamente así. Nós entendemos que debería existir unha estratexia para que Galiza poida actuar en Europa en áreas fundamentais para o futuro do noso país, e concordamos, efectivamente, como lle digo, no diagnóstico. Máis parécenos que é máis un documento moi xenérico e hai unha parte que podemos entender que valería practicamente para calquera territorio. Polo tanto, pedimos un pouquiño máis de aterraxe.

É, como lle digo, esta falta de estratexia concreta rebaixa un pouco a importancia do plan, por desgraza, e se cadra tamén eu, esta coordinación interna do Goberno, que xa mencionaba tamén coido a compañeira do PSdeG, pareceríanos que sería máis interesantes, senón do que se trata son de propostas illadas entre si e que, aínda que poidan ser interesantes, se non existe esta coordinación, se non existe un mecanismo de control e de seguimento, vai ser moi difícil que se poidan concretar. E póñolle algúns exemplos: falase esta cultura cooperativa con Portugal, tense que estender a outros eidos do agro do rural, mais non especificamos cal é o xeito, en que propón esta dirección xeral, en que propón a estratexia, como se vai levar a cabo, como queremos ou como consideramos nin tan sequera que se debería estender esta cultura cooperativa. Ou dende Galicia debemos reforzar a unha consolidación en Europa da economía azul, máis tampouco especificamos como se debería facer isto. Polo tanto, pedimos un pouquiño máis de concreción para que poida ser un instrumento verdadeiramente útil, que é o que consideramos que debería ser.

E tamén lles pedimos unha actualización, porque se mencionaba no oficio que recibimos, que se trata dunha actualización do documento anterior, mais consideramos que hai algunhas cousas que quedaron un pouco anticuadas, a parte da revisión lingüística que pode ser máis exhaustiva, por suposto, estou segura de que a Xunta de Galicia ten xeitos de facela. Máis, por exemplo, do que falaba vostede, tamén facía vostede referencia á covid-19, cremos que pasou tempo suficiente como para que poidamos facer tamén unha análise dos tempos máis posteriores a pandemia e as consecuencias que está tivo.

E despois, cando se fala do Plan director para horizonte 2021-2023, nós consideramos que tamén sería lóxico neste momento, xa estamos en condicións de facer unha avaliación deste plan e non continuamos a falar como se continúara vixente.

E a respecto da cooperación exterior, concordamos por suposto cos obxectivos que aquí se enuncian. Vemos que se retoma o contido do Plan director, e parécenos apropiado, que se debe facer. Mais o problema é como imos establecer, como imos facer seguimento do cumprimento de todas estas declaracións de intencións, e para o ano anterior non se cumpriu co compromiso orzamentario, que era dun aumento, neste caso. Polo tanto, pensamos que habería que compensalos dalgún xeito é o momento máis axeitado para falar disto, cando estamos na previa da elaboración dos orzamentos e cremos que é necesario que esta reflexión fica aquí tamén.

Efectivamente, todas estas actuacións sen orzamento sen a dotación orzamentaria vai ser moi difícil levalas a cabo. Entón gustaríanos saber se está previsto compensar dalgún xeito esta conxelación do exercicio anterior.

Pola nosa banda, xa saben que no que se refire á cooperación, nós consideramos que sería importante tal e como se anuncia no Plan en xeral, ter máis en conta os países lusófonos polas vinculacións que existen xa lingüísticas e culturais.

E despois hai outra cuestión co da cooperación, que nos parece que, xa que esta inxerida neste plan, parécenos que é importante ter en conta que debería haber unha certa

coherencia entre estes obxectivos da propia cooperación exterior. Non podemos estar a traballar nunha cooperación galega que ten uns obxectivos claros de valores, de defensa dos valores, dos dereitos humanos de defensa do medio ambiente, senón introducimos tamén estes valores en todo o que é a acción exterior que quere levar a cabo Galiza.

A respecto da internacionalización, como lle dicía, parécenos interesante, xa existen unha serie de actividades diversas, tanto do propio goberno galego como o dos diferentes outras institucións, como as propias universidades, axentes privados tamén da acción exterior, máis parécenos fundamental, imprescindible, para que iso poida funcionar como tal, como un plan de acción exterior, que exista esta coordinación, este seguimento é que haxa unha coherencia nas accións.

En canto a internacionalización. Mencionan vostedes o Plan Brasil, que lles remitiu á.., parécenos un plan interesante que podería servir como un proxecto piloto que se poida utilizar despois para outros territorios. Máis, aínda que se menciona neste documento, non foi levado a cabo, quedou aí nun caixón. Entón parécenos que se podería levar a cabo algunha acción avanzando neste sentido.

En canto á formación, xa se mencionou tamén aquí, parécenos unha idea moi interesante, como lle digo, a de tentar atraer estudantes doutros territorios. Máis aí tamén pensamos que debería ser prioritaria a comunidade de países de lingua portuguesa neste caso, sen ningunha dúbida pola vinculación lingüística. Existiría unha facilidade importante e parécenos que pode ter moitas vantaxes nos dous sentidos, se temos en conta esta proximidade.

Tamén nos parece interesante, parécenos positiva a idea do selo país, máis novamente insisto —descúlpenme— na inconcreción. Como idea parécenos positiva, mais non fica claro como está previsto que o goberno vaia levar a cabo esta idea, ou como vai avanzar nela, de feito no propio texto dise que dende a EGAEX só cómpre lanzar este debate e animalo, mais consideramos que habería que dar un pasiño máis, especificar un pouco máis como se vai tan sequera dar o debate, como se vai fomentar e como se vai tentar implantar ou levalo aos diferentes departamentos do goberno galego. Se non é así, pois isto vai ser unha idea moi boa, seguramente, máis que vai ficar sen concretar, senón polo menos, senón anunciamos unha proposta sobre como levalo a cabo.

No que se refire a Fundación Galicia Europa. Vostedes saben que nós somos o BNG moi crítico co papel da Fundación Galicia Europa e en moitas ocasións temos denunciado o uso partidista que se fai por parte do Partido Popular desta fundación e consideramos que deberían existir outros mecanismos, unha estratexia directa de participación e de influencia de Galiza na política europea, sobre todo en certos aspectos que todos e todas sabemos que son fundamentais, como pode ser por exemplo o da pesca ou o agrario.

Despois tamén me gustaría preguntar ou deixar alí posto para o próximo debate que teñamos sobre este texto, a cuestión do Comité Europeo das Rexións e como se analiza o período actual, o que en 2020 inaugurouse, como se fai mención aquí neste documento,

un novo mandato, máis xa levamos catro anos e gustaríanos saber como se analiza e desde o seu departamento a participación de Galiza neste comité e como pensamos traballar a partir de agora.

En relación cos axentes ou sectores galegos de acción exterior tamén nos gustaría coñecer un pouquiño máis avaliación e que é o que temos previsto facer para estes próximos anos, xa que se trata dun documento enunciativo do que imos facer desde 2024 ata 2028, pois parécenos importante coñecer cales son os plans ao respecto.

E no que se refire á emigración, parécenos que se enuncian accións que se fixeron, que se levaron a cabo. Os datos dos que se presume para nós son son pobres, realmente, non podemos presumir dun regreso masivo de persoas mozas a Galiza, e de feito pois sabemos que as persoas menores de 30 anos son as que máis marchan de Galiza. Entón, gustaríanos que esta parte tamén estivese un pouquiño máis desenvolvida.

Na parte da lusofonía —quédame xa moi pouquiño tempo— máis paréceme que é unha das partes máis importantes e vostedes saben que nós cremos que é a Lei Paz Andrade no seu décimo aniversario que se fai este ano, aínda ten moita marxe de manobra no que se refire ao seu desenvolvemento. Aínda hai uns días coñecemos noticia sobre redución de prazas de profesorado de portugués, que vai en contra do espírito da Lei Paz Andrade. Fálase do papel do Consello da Cultura galega, máis gustaríame preguntarlles especificamente —sei que hoxe non temos tempo para a resposta— máis gustaríame que ficase isto aquí, gustaríanos saber que vai acontecer co Observatorio da Lusofonía.

En definitiva, non me quero pasar moito tempo pero para nós, por exemplo, a delegación de Galiza en Lisboa, que xa demandamos en varias ocasións que nos respondeu, desde este departamento se nos respondeu que se faría un estudo para establecer esta delegación, cremos que sería preciso concretalo porque estratexicamente ten unha importancia moi relevante. É unha proposta que xa fixeramos hai anos. A cuestión do papel que ten Galiza na comunidade de países de lingua portuguesa, que o señor Gamallo tamén mencionou a nós parécenos que sería moi importante que definisemos exactamente que é o que queremos facer coa presenza de Galiza alí, para que estamos alí. Cal é o papel que ten o Estado, que é o que está a facer o Estado que entrou alí da man da Xunta de Galicia, aínda que neste Parlamento se aprobara en xa en 2018 que Galiza tentaría entrar de xeito directo como como o país observador. En definitiva, hai moitos aspectos aínda da Lei Paz Andrade que están por desenvolver, das televisións, tamén hai moito que se pode facer neste asunto.

Pedímoslles, por concluír xa, unha maior planificación, algunha proposta concreta de calendario, accións concretas e, sobre todo, métodos de avaliación para poder facer un seguimento de que sexa unha estratexia verdadeiramente é útil para o país.

E gustaríame pechar cunha frase literal deste texto que me parece moi relevante. Este texto debe estar por riba dos naturais vaivéns electorais e concitar o maior respaldo social e político posible. Como ven, nós estamos a traballar neste texto, imos facer achegas co

maior espírito de colaboración, porque de verdade é que queremos, parécenos importante para o noso grupo que este documento de estratexia, esta estratexia galega de acción exterior, teña unha actividade real para o país e alí contarán con nós.

Grazas.

O presidente da Comisión (señor García Comesaña): Muchas gracias, señora Taibo.

Correspóndelle o turno de palabra o Grupo Popular neste caso dona Katherinie Varela Fernández, por un tempo 10 minutos tamén.

Gracias.

A **señora Varela Fernández (P)**: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos os presentes e bo día e moitas grazas ao director xeral de Relacións Internacionais, Institucionais e Parlamentarias, perdón, de Relacións internacionais, perdón, por comparecer nesta comisión para dar conta do proxecto da estratexia galega da acción exterior de 2024-2028.

É inengable o interese do esforzo mostrado sempre polo Goberno galego na proxección internacional de Galicia, coas súas relacións co exterior e cooperación internacional. Galicia é unha comunidade que ademais destaca pola súa diáspora, dando lugar a que existan numerosos excelentes galegos en diferentes ricos do mundo, motivo polo cal é fundamental ter unha política propia de relacións internacionais, sempre, por suposto, dende a lealdade constitucional.

Por outra banda, o hito da adhesión de España ás comunidades europeas, propiciou unha apertura sen precedentes España cara ao exterior e, a pesar de que a Constitución española outorga soamente ao Estado central as competencias no eido internacional, a doutrina do Tribunal Constitucional foi evolucionando paulatinamente ata asumir que a proxección exterior tamén debe permitirse ás comunidades autónomas para que poidan levar a cabo accións con proxección exterior circunscritas ao ámbito das súas competencias estatutariamente recoñecidas e para a promoción dos seus intereses dentro do necesario respecto ás competencias estatais.

A Comunidade Autónoma de Galicia é unha das máis activas neste eido por mor de fenómenos como explicábamos anteriormente, da diáspora, o acelerado internacionalización da nosa economía, que o propio director expuxo que non se elevou na clasificación de comunidades portadoras expendedoras de bens e servizos. A Comunidade Autónoma galega nunca se quedou atrás, os avances lexislativos no eido da acción exterior. A aprobación da Lei 2/2014, do 25 de marzo, de acción e do Servizo Exterior do Estado, axiña seguida pola Lei 25/2014 do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, abriu novas portas á proxección exterior autonómica con este aval e dentro sempre da indispensable lealdade constitucional, a Xunta de Galicia,

aprobado o Decreto 178/2015 polo que se regulación exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, e no ámbito da cooperación internacional tamén aprobou o Decreto 29/2017, Cooperación para o desenvolvemento, onde se regulan o Rexistro Galego de Axentes e Cooperación para o desenvolvemento, os órganos de coordinación e asesoramento, as relacións interadministrativas e a xestión das subvencións para proxectos de cooperación entre outras materias. Con ditos, alicerce xurídicos o Consello da Xunta de Galicia aproba 1 de febreiro de 2018 a Estratexia galega da acción exterior horizonte Post 2020, comunicada igualmente ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, logo do informe, sen ningún voto en contra do Parlamento de Galicia.

Todos estes traballos lexislativos e as forzas políticas do Goberno galego en acción exterior culminan coa aprobación Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Unha lei que como case todos os textos lexislativos do seu artigo 1 explica o seu obxecto, que por suposto é esa acción exterior, regular toda acción exterior do Goberno galego e tamén todo o réxime xurídico, establecer o réxime xurídico, o cal se debe axustar a actividade do sector público autonómico, maneira de cooperación para o desenvolvemento humano sustentable e a solidariedade internacional.

Destacamos o punto 4 dese artigo 1que establece esa lealdade o Bloque Constitucional, os tratados e os restantes instrumentos internacionais subscritos por España, así como as normas de dereito comunitario. É o artigo 9 desa norma a que estipula que establece o que é o documento da estratexia galega de acción exterior, que deberá de emitirse por lustros e que deberá relacionar os obxectivos a longo prazo, tanto materiais como xeográficos, que ordene e rexe as diversas iniciativas sectoriais nesta materia, sempre dotándoas de congruencia e coherencia, aproveitando as súas complementariedades e velando pola eficiencia no uso dos recursos públicos co obxecto de maximizar o retorno socioeconómicos, demográficos e culturais para a comunidade autónoma.

Isto é o que precisamente hoxe o director xeral vén presentar aquí, dando cumprimento ao artigo 12 desta lei, o novo documento de estratexia de acción exterior, demostrando así o enorme interese do Goberno galego nesa proxección e na cooperación internacional, tan necesaria, sobre todo nestes momentos e tempos tan globalizados no que nos atopamos e ademais nun mundo no que ademais cambia cada vez máis rápido. Neste documento se nos presenta aquí podemos comprobar que existe un respecto institucional importante tendo en conta as diferentes entidades aos que formamos parte. Vén complementar a acción exterior do Estado español, sempre tendo en conta as nosas peculiaridades, respectando o marco tamén da Unión Europea do que formamos parte. E, ademais, Galicia mostra o estar plenamente comprometida coa consecución dos obxectivos, do desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, tanto por absoluta sintonía como por ter asumidos por España e pola Unión Europea.

A estratexia galega de acción exterior ten que vir necesariamente condicionada pola planificación macroeconómica tamén da Xunta de Galicia e, neste senso, o Plan estratéxico 2020-2030 inclúe as directrices fundamentais que cómpre considerar. Porén,

este documento debe considerar o entorno internacional e nomeadamente europeo para que Galicia aproveite as oportunidades alí existentes e contribuír deste xeito a mellorar os parámetros socioeconómicos básicos do país, tamén en termos relativos e non só en termos absolutos.

Estamos ante un documento completo que no seu punto 6 enumera, enumera así os diferentes ámbitos sectoriais da acción exterior, desde unha estratexia tanto en macroeconómica como microeconómica, o turismo, o sector primario, a cultura e a galeguidade no exterior.

O punto 7º enumera os ámbitos estratéxicos e as prioridades no eido de cooperación. E o punto 8 os ámbitos xeográficos institucionais, poñendo en primeiro lugar a Portugal e os países da Lusofonía, seguido da Unión Europea e así ata enumerar os diferentes rincóns do mundo, onde Galicia pode ter protagonismo, que, como ben debemos escoitar o director na súa exposición, son practicamente todos.

Estamos ante un documento desde logo ambicioso pero tamén realista, que ten en conta a realidade social e económica internacional na que nos atopamos e que pretende que Galicia teña sempre desde o respecto ao constitucional, normativo institucional, o seu protagonismo no eido internacional e que reverta ademais positivamente no ámbito socioeconómico da nosa comunidade.

Dámoslles as grazas dende o Grupo Popular, ao director xeral e a todo o seu equipo por este traballo feito, pola celeridade tamén do documento, a pesar de como ben explicou, que levamos un ano no que nun primeiro momento apareceron os orzamentos, despois houbo un proceso electoral e ademais xa nos comentou que non houbo contestación dese Ministerio de Asuntos Exteriores cando presentou o documento pola primeira vez, e aínda así se presenta tamén en tempo e forma ese documento, tal e como establece a norma.

Así que moitas grazas e nada máis.

O presidente da Comisión (señor García Comesaña): Moitas grazas, señora Varela.

Como estaba previsto, rematamos esta comparecencia, esta rolda de intervencións, que, sen dúbida, pois axudarán ao director xeral para cando volva a presentar documentos e seguindo o procedemento, aínda que o que faremos será convocar unha mesa específica para abordar este procedemento; como dicía, faremos despois do debate de presupostos, probablemente para o mes de decembro, probablemente e alí xa teremos ocasión de desenvolvelo, tal como marca o procedemento do artigo 142 do Regulamento, se non me equivoco.

Ben, pois insisto, agradecerlle o director xeral da súa presenza hoxe aquí. E se quere comentar algo para rematar.

PARLAMENTO DE GALICIA

O director xeral de Relacions Exteriores e coa Unión Europea (Jesús María Gamallo Aller): Moitas grazas señor presidente.

Moitas grazas señoras deputadas polas súas intervencións, polas súas primeiras reaccións a este documento, vexo que analizaron xa o pouco tempo que tiveron bastante en detalle o documento, porque son realmente nalgún caso especificidades importantes ás que vostedes nos comunican hoxe

Eu non desboto ocasión, desboto oportunidade de poder reunirme con vostedes, se queren debater as achegas concretas, as alegacións concretas que poden facer a este documento antes da comisión definitiva que o poida aprobar. O que si podo dicir é que este documento, a Estratexia Galega de Acción Exterior é un documento de orientacións políticas, é un documento de guía para a acción do Goberno. Isto quere dicir que non é un documento coas precisións dun plan de acción ou dun programa de acción. De feito, de feito, este documento, igual que pasa coa Estratexia Española da Acción Exterior declinase despois dunha serie de plans e programas que si teñen un respaldo orzamentario, ou si teñen unhas garantías dunhas orientacións dá resultado. Estoume a referir, por exemplo, aos plans de cooperación ou desenvolvemento, tanto os plans directores como os plans anuais. Estou a referir, por exemplo, aos plans de accións da Fundación Galicia, Europa, Unión Europeo. Estoume a referir ao plan da Presidencia da Comunidade Traballo Galicia Norte de Portugal, que onte mesmo aprobouse en Matosiños, en Portugal.

Polo tanto, é un documento marco, estamos a falar dun documento marco e esa é a súa natureza. As concrecións veñen despois en sucesivos documentos de desenvolvemento deste documento marco. ¿Por que o facemos? O facemos porque pensamos —e aquí foi dito— porque o noso país ten moitas especificidades en relación co resto de España. Partindo da base da lealdade institucional e partindo da base do noso respecto absoluto á Constitución española, entendemos que Galicia ten especificidades que acreditan que pode ter unha acción exterior propia. Somos un país atlántico. A política exterior de España moitas veces está orientada cara ao Mediterráneo, o vimos na negociación para a entrada nas entón comunidades europeas cando a negociación se fixo sobre a base da política agrícola mediterránea, desbotando un pouco a parte atlántica. Temos unha lingua propia, temos unha conexión que a lingua leva a unha conexión cultural evidente con Portugal e cos países que falan portugués. Temos, por tanto, moito que dicir no eido internacional.

Esa é a razón principal pola cal nós facemos este exercicio de enmarcar, que pode facer o noso país, que pode facer Galicia no eido internacional. E por iso pedimos o apoio de todos, porque imos ter máis forza se non é un documento dun goberno que non ten ningún apoio parlamentario máis aló do grupo que apoia ao Goberno.

Dixéronse algunhas cousas, eu como non hai turno de réplica, o mellor é que non vou rebatelas, pero é que non me podo resistir, por exemplo, —e remato xa presidente— a señora Castro fala do tren Vigo-Porto, mire, o 23 deste mes esta a primeira cumbre

hispano portuguesa en Faro, é unha boa ocasión, nós pedimos isto repetidamente, unha boa ocasión para que o Goberno español poña prazos, poña orzamentos para acadar a obra entre Vigo e Lisboa.

E citou a conselleira de Medio Ambiente, todo o pacto verde ten que ter unha transición xusta, porque se nós nos convertemos en adalides do Pacto verde, o cen por cento a exaxeración é inimiga da realidade e da eficacia. Polo tanto, fale tamén vostede do pacto verde pero tamén dunha transición xusta que beneficie as nosas empresas e ao noso tecido produtivo.

Lusofonía, a vindeira semana constituímos o Observatorio da Lusofonía. Xa falaremos aquí dos contidos e do que pode dar de sí este instrumento importante para acción exterior da Xunta.

E finalmente, e si que remato, presidente, eu espero ter boas noticias, espero ter boas noticias, non digo nada, espero ter boas noticias en relación cos orzamentos de cooperación para o vindeiro ano.

Máis nada e moitas grazas.

O **presidente da Comisión (señor García Comesaña**): Gracias, director Xeral.

Quedamos en non facer rolda de réplica, eu vou agradecer aos portavoces que non pidan falar a continuación. Eu creo que o debate ten aparencia de ser interesante cando chegue á mesa. Recóllese o ofrecemento director xeneral de reunións se nalgún caso algún grupo ou todos o consideran oportuno, máis de traballo previo a ese procedemento que, como digo, levaremos unha comisión a una mesa específica e calcularemos que alá polo mes de decembro poidamos ter ese debate máis formal que non exclúe, como acaba de ofrecer ao director xeral, algunha reunión previa para abordar estes temas.

Remato agradecendo novamente a súa presenza e seguimos co seguinte punto da orde do día.